

Follas do Cineclub | 28/02/2018

Eu fun unha asasina en serieadolescente
 (1 Was a Teenage Serial Killer, Sarah Jacobson,
 EUA, 1993, 27', VOSG)
 Fode en min
 (Baise-moi, Virginie Despentes /Coralie Trinh Thi,
 Francia, 2000, 74', VOSG)

04

TENENTAS CORRUPTAS

[Tirado de Despentes, Virginie (2007): *Teoría King Kong*, Santa Cruz de Tenerife: Melusina]

Escribo desde a fealdade, e para as feas, as vellas, as camio-neiras, as mal folladas, as infollables, as históricas, as taradas, todas as excluídas do gran mercado da boa rapaza. E comezo por aquí para que as cousas queden claras: non me desculpo de nada, nin veño a queixarme. Non mudaría o meu lugar por ningún outro, porque ser Virginie Despentes me parece un asunto máis interesante ca ningún outro.

Paréceme formidable que haxa tamén mulleres ás que lles guste seducir, que saiban seducir, e outras que saiban casar, que haxa mulleres que cheiren a sexo e outras á merenda das crianzas que saen do colexio. Formidable que as haxa moi doces, outras contentas da súa feminidade, que as haxa novas, moi guapas, outras coquetas e radiantés. Francamente, alégrome por ás que lles conveñas as cousas tal e como son. Dígoos sen a menor ironía. Simplemente, eu non formo parte delas. Seguramente eu non escribiría o que escribo se fora guapa, tan guapa como para mudar a actitude de todos os homes cos que me cruzo. Eu falo coma proletaria da feminidade: desde aquí falei ata agora e desde aquí volvo comezar hoxe. Cando estaba no paro non sentía vergoña ningunha de ser unha paria, só raiba. Sinto o mesmo como muller: non sinto ningunha vergoña de non ser unha tipa cachonda. Porén, como rapaza pola que os homes se interesan pouco estou raibosa, mentres todos me explican que nin sequera debería estar aí. Pero existimos desde sempre. Malia que nunca se fale de nós nas novelas de homes, que só imaxinan mulleres coas que quererían deitarse. Existimos desde sempre, pero nunca falamos. Mesmo hoxe que as mulleres publican moitas novelas, raramente atopamos personaxes femininos cun aspecto físico que sexa desagradable ou mediocre, incapaces de amar aos homes ou de seren amadas. Pola contra, ás heroínas da literatura contemporánea gústanlles os homes, atópanse facilmente, déitanse con eles en dous capítulos, gozan en catro liñas e a todas lles gusta o sexo. A figura da parviña da feminidade resúltame máis ca simpática: é esencial. Do mesmo xeito que a figura do perdedor social, económico ou político. Prefiro os que non conseguen o que queren, pola boa e simple razón de que eu mesma tampoco o logro. E porque, polo xeral, o humor e a invención están do noso lado. Cando non se ten o que hai que ter para gabarse, adóitase ser máis creativo. Eu, como rapaza, son máis King Kong ca Kate Moss. Eu son ese tipo de muller coa que non casan, coa que non teñen fillos, falo do meu lugar como muller sempre excesiva, agresiva de máis, barullenta de máis, gorda de máis, brutal de máis, hirsuta de máis, viril de máis, dinme. Son, porén, as miñas cualidades viris as que fan de min algo distinto dun caso

social de entre outros. Todo o que me gusta da miña vida, todo o que me salvou, débollo á virilidade. Así que escribo como muller incapaz de chamar a atención masculina, de satisfacer o desexo masculino e de contentarme cun lugar na sombra. Escribo desde aquí, como muller pouco sedutora pero ambiciosa, atraída polos cartos que gaño eu mesma, atraída polo poder de facer e de rexeitar, atraída pola cidade máis que polo interior, sempre excitada polas experiencias e incapaz de contentarme coa narración que outros me farán delas. Non me interesa poñerlla dura aos homes que non me fan soñar. Nunca me pareceu evidente que as rapazas sedutoras o pasen tan ben. Sempre me sentín fea, pero tanto mellor porque me serviu para librarme dunha vida de merda xunto a tipos amables que nunca me terían levado máis aló da porta da miña casa. Alédome do que son, de como son, máis desexante ca desexable.

Escribo dende aquí, dende as invendibles, as tortas, as que levan a cabeza rapada, as que non saben vestirse, as que teñen medo de cheirar mal, as que teñen os dentes podres, as que non saben como gozalo, esas ás que os homes non lles fan agasallos, esas que foderían com calquera que quixera facelo con elas, as máis porcas, as pendangas, as mulleres que sempre teñen a cona seca, as que teñen barriga, as que querían ser homes, as que se cren homes, as que soñan con seren actrices porno, ás que lles dan igual os homes pero ás que interesan ás súas amigas, as que teñen o cu gordo, as que teñen o pelo duro e negro que non depilan, as mulleres brutais, barullentas, as que rompen con todo cando pasan, ás que non lles gustan as perfumerías, as que levan os beizos vermellos de máis, as que están mal feitas de máis para se vestiren como porcas quentuscas que morren de ganas por facelo, as que queren vestir coma homes e levar barba pola rúa, as que queren amosalo todo, as que son púdcas porque están acomplegadas, as que non saben dicir que non, as que pechan para poderen domesticalas, as que dan medo, as que dan pena, as que non dan vontade, as que teñen a pel flácida, a cara chea de arrugas, as que soñan con facer um lifting, unha liposución, con mudar de nariz pero que non teñen cartos para facelo, as que están estragadas, as que non teñen a ninguén que as protexa agás elas mesmas, as que non saben protexer, esas ás que os seus fillos lles dan igual, esas ás que lles gusta beber nos bares ata caer ao chan, as que non saben gardar as apariencias; pero tamén escribo para os homes que non teñen vontade de protexer, para os que querían facelo pero non saben como, os que non saben pelexar, os que choran com facilidade, os que non son ambiciosos, nin competitivos, os que non a teñen grande, nin son agresivos, os que teñen medo, os que son tímidos, vulnerables, os que prefiren ocuparse da casa que ir traballar, os que son delicados, calvos, pobres como para gustar, os que teñen vontade de que lles dean polo cu, os que non queren que ninguén conte con eles, os que teñen medo pola noite cando están sós.

Porque o ideal da muller branca, sedutora pero non puta, ben casada pero non á sombra, que traballa pero sen moito éxito para non esmagar ao seu home, delgada pero non obsesionada coa alimentación, que semella indefinidamente nova pero sem deixarse desfigurar pola ciruxía estética, nai realizada pero non desbordada polos pañais e polas tarefas do colexio, boa ama de casa pero non criada, cultivada pero menos ca um home, esta muller branca feliz que nos poñen diante dos ollos, esa á que deberíamos facer o esforzo de semellarnos, á parte do feito de que semella romper a cabeza por pouca cousa, nunca a atopei por parte ningunha. É mesmo posible que non exista.

TENENTAS CORRUPTAS / O MANIFESTO S.T.I.G.M.A.**VIRGINIE DESPENTES / SARAH JACOBSON**

O MANIFESTO S.T.I.G.M.A.

[Tirado de: <https://sjfilmgrant.wordpress.com/the-s-t-i-g-m-a-manifesto/>]

SISTERS TOGETHER IN GIRLIE MOVIE-MAKING ACTION
[Irmás Xuntas en Acción Cineástica Feminina]

En honra de todas aquelas mulleres facendo filmes e sendo a hostia por aí, propoño un novo manifesto:

Porque os filmes que reflicten o punto de vista dunha muller son aínda demasiado raros.

Porque aínda que as mulleres están acadando logros increíbles nos negocios, a política, o deporte e as artes, somos aínda invisibles a non ser que sexamos o interese amoroso ou a puta cruel [ou ambas!].

Porque as mulleres que fixeron filmes no pasado foron borradas da historia, como Alice Guy Blaché, a primeira cineasta narrativa (*La Fée aux Choux*, 1896), que logo acabou dirixindo o seu propio estudio e estivo implicada en máis de 700 filmes e foi totalmente ignorada nos libros de historia.

Porque os distribuidores non escollen filmes feitos por mulleres e os críticos non apoian películas con sensibilidade feminina que si son estreadas. (Podes nomear algun filme dirixido por mulleres, favorito da crítica onde unha muller non morre ao final?).

Porque a industria non sabe como comercializar para un público feminino e non está interesada en organizar un.

Porque as mulleres de máis de 35 son unha das partes máis grandes do público cinematográfico e Hollywood non quere que o saibas!

Porque alguén fixo, estreou e deu un lote de cartos a *Shallow Hal* [Amor cego, Peter e Bobby Farrelly, 2001].

Porque as rapazas aínda seguen a ser intimidadas para non entrar nas escolas de cine.

Porque non imos aturar esta [pitido] nin un minuto máis.

Porque estamos cansas de que as mulleres cineastas e as historias de mulleres sexan consideradas un estigma.

Aquí están as normas:

- Polo menos un dos personaxes principais é unha muller

- A personaxe feminina principal non morre ao final, especialmente se fai ostentación de convencións morais e sexuais

- A personaxe feminina principal fai máis que ser inútil e/ou deitarse co personaxe masculino principal

- Nada de violacións a mulleres a non ser que asuman as consecuencias

- Nada de «glamurosos» cadáveres de mulleres espidas

- Máis comer conas e estimulación clitorídea durante as escenas de sexo se hai algunha

- Nada de montaxes de compras

- Nada de «cambios de look»

- Debe haber polo menos un tío no reparto co que as mulleres hetero queren morrear

- Nada de humillar a rapazas gordas

- Nada de escenas de fantasía masculina de lesbianas liándose

- As rapazas guapas só se namorarán ata as trancas dun tío feo e perdedor se é rico ou é bo no cunnilingus

- A personaxe feminina principal debe ter unha amiga verdadeira que non [pitido] dela ao final por culpa dos celos por un home

- Unha muller debe ser a escritora ou a directora do filme

- ASUME O TEU CRÉDITO. Mulleres, nunca máis conterse para non intimidar a outros, especialmente se estás producindo ao teu mozo director.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



MÉRCORES 7

Deixádella ao ceo
(Leave Her to Heaven, John M. Stahl, EUA, 1945, 110', VOSG)

MÉRCORES 14

A bruxa diaño
(鬼婆 [Onibaba], Kaneto Shindo, Xapón, 1964, 103', VOSG)

MÉRCORES 21

A gran cidade
(মহানগর [Mahānagar], Satyajit Ray, India, 1963, 136', VOSG)

MÉRCORES 28

Eu fun unha asasina en serie adolescente
(I Was a Teenage Serial Killer, Sarah Jacobson, EUA, 1993, 27', VOSG)
Fode en min
(Baise-moi, Virginie Despentes / Coralie Trinh Thi, Francia, 2000, 74', VOSG)